


# Xulio López Valcárcel, poeta icolingüe



**ARMANDO REQUEIXO**  
armandorequeixo@hotmail.com



**SE ENVELLECEMOS XUNTOS**  
XULIO L. VALCÁRCCEL  
XURXO GÓMEZ-CHAO  
Galebook

**É** curioso contemplar os avatares que sofren algúns textos dende que o seu autor os concibe ata que cobran vida édita e se someten á consideración soberana do lectorado. Hai, xaora, de todo: dende grandes pezas que pasan desapercibidas no seu momento –ou que case non se publican– e logo se convierten en clásicos indiscutibles ata auténticos best sellers no seu día que, co pasar do tempo, caen no máis terrible dos esquecementos. Entre ambos extremos, un mundo.

Ennobela no maxín dun este pensamento tras a lectura de *Se envellecemos xuntos*, o poema libro dese magnífico escritor que é Xulio López Valcárcel, unha composición alentada nada menos que en 1978, presentada daquela a un concurso en Compostela no que non tivo fortuna, desmemoriada polo autor durante ben tempo e logo salvada do limbo como feliz epitalamio por amigos do autor que o convenceron, logo de moito insistir, de que aquel maxistral poema amoroso non debía ficar por máis tempo arrombado na gabela dos papeis desbotados.

Agora *Se envellecemos xuntos* ve luz da man de Galebook, un selo dacabalo entre o mundo dixital e o papel nacido ao abeiro da Universidade da Coruña, que, dende que botara a andar hai tres anos, ten dado a coñecer interesantes títulos entre os que se contan poemarios de Diana Varela Puñal e Ofelia López, relatos infantoxuvenís de Beatriz Maceda e o propio López Valcárcel, ensaios de Antonio Raúl de Toro Santos e mesmo traducións de novelas referencias como *The Hunting Shadow* (*A sombra cazadora*) de Suso de Toro.

Amplía o seu catálogo Galebook con esta nova edición de *Se envelle-*



**Xulio López Valcárcel**

*emos xuntos*, uns versos que xa apareceran en volume hai xa un lustro mercé aos bos oficios da ferrolá colección Soláster da Sociedade Cultural Valle Inclán e que anos antes se fixeran letra impresa en dípticos deseñados por Perfecto Estévez e Yolanda Ferrer.

A orixe deste poema, tal como lembra López Valcárcel na “Nota de autor” coa que se abre o libro, está nas palabras que pronunciou a noiva de Arturo Ruiz cando este, reclamando a liberdade nas rúas de Madrid, caeu abatido polas balas: “Adiós, amor, ya no envejeceremos juntos”. A partir desa espoleta creativa o poeta lucense tecu estes versos memorables que agora volven publicarse nunha edición mellorada e ampliada, que inclúe a versión icolingüe, isto é, en vinte idiomas, do poema. Por máis que a listaxe sexa longa, en xustiza polo seu mérito labor merecen citarse aquí as linguas e os tradutores destes versos entre os que, por certo, se atopan, por súa vez, encomiables escritores –particularmente poetas– das máis diversas nacionalidades; velaí: castelán (Manuel Martínez Forega), éuscaro (Felipe Juaristi), catalán

(Jaume Pont e Josep M. Sala-Valladaura), asturiano (Aurelio González Ovies), portugués (Juliao Bernardes), francés (Suso Pensado), italiano (Emilio Cocco), romanés (Zita e Gabriel Tanasescu), árabe (Abdul H. Sadoum), inglés (David Clark Mitchell), alemán (Úrsula Heinze de Lorenzo), holandés (Elisabeth M. Hamer Twilt), grego (Nikoleta Grigoroudi), polaco (Elzbieta Bortkiewicz), húngaro (Gyöngyi Wagner), finés (Risto Vuolanne), ruso (Iria Stepanova), armenio (Feliks Poghosyan) e ucraíno (Oksana Khimich).

Mais esta edición de *Se envellecemos xuntos* singularízase aínda por outra feliz circunstancia que non me resisto a facer notar: as delicadas instalacións de Xurxo Gómez-Chao que aparecen fotografadas acompañando todas e cada unha das versións deste poema poliglota, composicións de artista fermosas e evocadoras, nas que elementos naturais como flores, follas, ósos ou ramas se entremesturan con útiles de traballo tales como lapis, pinceis, plastilinas para compor un mundo luminoso de clinamens matéricos e levitantes aos que o autor deu o acaído nome de ‘Os paraísos artificiais’.

Se queren gozar dun dos mellores poemas de amor endexamais escritos non só en galego, senón nas linguas peninsulares, atrévanse con este *Se envellecemos xuntos*, traerlles os mellores recendos do mestre Pedro Salinas, mais tamén dos irmáns maiores do noso poeta, poño por caso, Uxío Novoneyra ou o propio Álvaro Cunqueiro. Xunto aos de todos eles, estes versos de amor e vida compartidos, de días e soños que avellentan ao unísono ata a cerna da cinza quevedesca serán, para os que ata eles se acheguen, testemuño fidel do moito que Amor pode.

letras Atlánticas



Envíanos tus fotos de felicitación, comidas y cenas familiares, de empresa, etc... a [nordesia@diariodeferrrol.com](mailto:nordesia@diariodeferrrol.com)